



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 651
29 de xullo de 2020



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2020, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan, ao abeiro dos artigos 56.4 e 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente. [203793](#)

2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (31 de xullo, ás 12.30 horas)

[203791](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 29 de xullo de 2020, pola que se admite a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan, ao abeiro dos artigos 56.4 e 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente.

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 92, o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan, ao abeiro dos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente.

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o escrito dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19.

2º. Dar traslado do documento á Deputación Permanente e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

4º. Publicar a presente resolución e o doc. núm. 92 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (31 de xullo, ás 12.30 horas)

A Presidencia, logo das solicitudes formuladas polo G. P. dos Socialistas de Galicia, o G. P. Grupo Común da Esquerda, o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Mixto, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 31 de xullo de 2020, ás 12:30 horas, coa seguinte orde do día:



Punto 1. Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote do covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465) (10/SCDP-000021)

Punto 2. Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e das medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19 (doc. núm. 92) (11/SCDP-000001)

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

A voceira e a voceiro abaixo asinantes, pertencentes aos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto nos artigos 56.4 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente, coa seguinte orde do día:

-Comparecencia da Conselleira de Educación para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e das medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte ao COVID-19.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2020

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz s. do G.P. dos Socialistas de Galicia

Ana Pontón Mondelo


Portavoz do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/07/2020 13:23:39

Ana Pontón Mondelo na data 27/07/2020 13:24:35





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

